

PREGUNTA 1. FILOSOFÍA E FUNCIONS: ACTUALIDADE E UTILIDADE. (3 puntos)

Ten vostede o seu primeiro contrato de prácticas nun periódico. O redactor xefe da sección de sociedade e cultura, sabedor dos seus coñecementos filosóficos, pásalle estas pezas e pídlle que prepare un artigo de opinión sobre a felicidade para o suplemento dominical. Vostede recorda a filosofía de Aristóteles, a súa concepción da vida feliz e conceptos coma os de eudaimonía, virtude e fin da vida.

Emprégueos para redactar un **artigo divulgativo** co título: “Aristóteles contra o *mindfulness*: na procura da verdadeira felicidade”.

Son analista do Instituto da Felicidade de Copenhague. Moita xente pregúntame que facer para ser máis feliz, ou polo menos tanto coma os daneses. Se queremos vivir coma os daneses, deixemos de evitar a infelicidade. Se ves que o teu xefe non che paga as horas extra, non fagas *mindfulness*, apúntate a un sindicato. Se o partido ao que votas pagou comisións millonarias aos seus familiares durante a pandemia, non deixes de pensar, denúncialo e expresa a túa rabia. Ante a inxustiza, preocupémonos, non tratemos de tranquilizar a rabia; e se o facemos, que sexa saíndo á rúa ou expresando a nosa indignación. É o que fixeron sempre os daneses: non evitar o malestar. Se se tratase de tranquilizar a rabia nun spa en lugar de nas rúas, non sería posible ningunha das revolucións que nos deron os dereitos que hoxe disfrutamos. Recoñezamos e abracemos a importancia do malestar.

Alejandro Cencerrado Rubio

Cartas a la directora, elpais.com

PREGUNTA 2. COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN: COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO. (3 puntos)

Lea detidamente este texto referido a «Platón: antropoloxía e política». Elabore un comentario filosófico explicando o seu contexto, tema central, ideas principais e conceptos clave. (3 puntos)

-Ben. Xa vimos, segundo parece, tres calidades da cidade, e en canto á especie que resta para que a cidade alcance a excelencia cal podería ser? É evidente que a xustiza. (...)

-E que a xustiza consiste en facer o que é propio dun, sen meterse nas cousas alleas, é algo que xa oímos a outros moitos e que nos dixemos repetidamente.

-Ao meu parecer do que temos examinado, a moderación, a valentía e a sabedoría, o que resta por ver na cidade, é o que dá a todas aquelas calidades a capacidade de nacer e unha vez nadas, permítelles conservarse, mentres pemaneza nelas. E xa dixemos que se encontrabamos as tres, a xustiza sería a que restase.

-Non obstante, se fose preciso discernir cal destas calidades fará á nosa cidade mellor, resultaría difícil discriminar se consiste nunha coincidencia de opinión entre os gobernantes e os gobernados, ou se é a conservación da opinión consonte á lei que hai entre os militares acerca do que debe ser temible ou non, ou a intelixencia e a vixiancia entre os gobernantes; ou iso que fai mellor á cidade consiste, tanto no neno coma na muller, no escravo coma no home ceibe, e no artesán, no gobernante e no gobernado, en que cada un se ocupe do seu, sen atender ao alleo.

(PLATÓN: República, Libro IV, 432b-435c)

PREGUNTA 3. APROXIMACIÓN Á HISTORIA DA FILOSOFÍA. (3 puntos)

Tendo en conta afirmacións como: «O home é por natureza un animal político» ou «Xa que todo coñecemento e elección tenden a un ben, expoñamos que é aquilo ao que tende a Política», explique o problema fundamental na cuestión: «A política de Aristóteles». (3 puntos)

PREGUNTA 4. CONCEPTOS FILOSÓFICOS. (1 punto)

Responda estes dous apartados:

4.1. Discrimine en dúas columnas os seguintes conceptos, atendendo aos sistemas filosóficos que refiren: (0,5 puntos)

mundo sensible / eudaimonía / teleoloxía / dianoia / participación / substancia / abstracción indutiva / arquetipo

4.2. Responda un destes dous subapartados:

4.2.1. Defina, en non máis de tres liñas, o concepto: hilomorfismo. (0,5 puntos)

4.2.2. Defina, en non máis de tres liñas, o concepto: demiurgo. (0,5 puntos)